### *RECORDÁMOSLLES POR SEGURIDADE DO ALUMNADO*

• Os pais/nais de alumnado usuario de transporte teñen a obriga de comunicar ao centro os días que non fai uso do autobús escolar, ben sexa de forma ocasional ou por períodos máis longos de tempo, asinando a autorización pertinente. De non ser así regresará á casa no autobús escolar.

• O alumnado, usuario ou non do transporte (agás 5º e 6º con previa autorización) non poderá abandoar o centro á saída do colexio se non é acompañado dun adulto autorizado. Enténdese por adulto autorizado o pai/nai ou persoa que autoricen.

• Si un alumno/a necesitara abandoar o centro en horario escolar, o pai/nai ou titor legal que o acompañe, deberá xustificar e autorizar a ausencia.

## CALENDARIO ESCOLAR




| Entrega de Boletíns de notas | |
|---|---|
| **1ª avaliación** | 19 de decembro |
| **2ª avaliación** | 02 de abril |
| **3ª avaliación** | 18 de xuño |

Reunión profesorado coas familias; 9 de setembro

Inicio actividade lectiva: 11 de setembro

Día do ensino: 31 de outubro

Nadal : 20 de decembro ao 7 de xaneiro, inclusive

Entroido 24, 25 e 26 de febrero

Semana Santa: 3 de abril ao 13 de abril, inclusive

Fin actividade lectiva: 19 de xuño

## CURSO 2019/2020

CEIP PALAS DE REI



Praza da Ulloa S/N. 27200 Palas de Rei. Lugo

Telf :982870628/ 982870627. Fax: 982870629

http://www.edu.xunta.es/centros/ceippalasrei/

ceip.palas.rei@edu.xunta.es

**Estimadas familias:**

O CEIP DE PALAS DE REI dálles a benvida ao novo curso escolar 2019/2020, e pide a súa colaboración na formación e educación dos seus fillos/as.

Para facilitar a comunicación entre as familias e o centro, adxuntamos os horarios nos que estaremos á súa disposición, así como unhas normas mínimas que rogamos respecten, xa que teñen como único fin a seguridade do alumnado e un bo funcionamento do centro. Grazas pola súa colaboración.

**Servizos que oferta o centro:**

- *Transporte escolar*
- *Comedor escolar*
- *Biblioteca*
- *Aula de informática*

## *HORARIOS CENTRO*

| | *Xuño e Set.* | *Resto do curso* |
|---|---|---|
| *Entrada* | 9:40 | 9:45 |
| *Comedor* | 14:40 a 15:40 | 13:55 a 15:20 |
| *Saída* | 15:40 | 16:10 |

| HORARIO DO EQUIPO DIRECTIVO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
| 1ªh. | Dirección / X. de estudos | Dirección / Secretaría | X. de estudos / Secretaría | Dirección | Dirección / Secretaría / X. de estudos |
| 2ª h | Dirección | X. de estudos | | | |
| 3ª h | | | | X. de estudos | |
| 4ª h | Secretaría | | Dirección | Secretaría | |
| 5ª h | | | Dirección | | |

**HORARIO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS**

Orientación: luns de 16:10h a 17:10h

Titores/as e especialistas: luns de 16:10h a 17:10h

## *ENTRADAS*

• A porta do recinto escolar abrirase ás:

- 9:30: alumnado transportado.
- 9:40: alumnado non transportado

e pecharase ás 9:50 (cinco minutos máis cedo no horario de xuño e setembro). O alumnado que chegue máis tarde desta hora accederá ao centro pola entrada principal e pasará á clase, unha vez xustificada a súa falta de puntualidade, que entregará ao seu titor/a.

• O alumnado accederá directamente ao porche do edificio principal (a través da rampa, evitando sempre o paso polas escaleiras da pista cuberta) e dado o tamaño escaso do porche é importante se reserve na súa totalidade para o alumnado.

## *SAÍDAS*

• A porta de entrada ao recinto abrirase 10 minutos antes da hora de saída.

• O alumnado de Infantil sairá 5 minutos antes do resto do alumnado para facilitar a recollida por parte das familias.